

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 07 DE OUTUBRO DE 2022

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00049166T.

Aprobación de acta de sesión anterior.

Apróbase a acta correspondente á sesión extraordinaria-urxente de data 26 de outubro de 2022.

2. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00036079T.

Licenza para o cambio de cuberta en edificio situado na Rúa do Franco,1

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o básico e de execución de data de visado do 05/07/2022, cun orzamento de execución material de 29.750,00 euros, o cambio de cuberta en edificio situado na Rúa do Franco, 1 Santiago de Compostela (A Coruña).

3. LICENZAS DE OBRA. Referencia: 2022/00019655K.

Licenza para a rehabilitación e ampliación de vivenda en Rúa Poza de Bar, 6.

Acórdase conceder licenza para realizar, segundo os informes que constan no expediente e conforme o Proxecto Básico con selo de visado do 05/04/2022 e o Proxecto de Execución de selo de visado do 05/09/2022, cun orzamento de execución material de 43.500,00 €, a rehabilitación e ampliación de vivenda familiar situada na Rúa Poza de Bar, 6 Santiago de Compostela (A Coruña).

4. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00025386W.

Adxudicación “Medidas Correctoras derivadas do P.A.U. do Estadio Municipal Verónica Boquete – Fase 1 (Actuacións Prioritarias)”.

Acórdase:

Primeiro: Adxudicar o contrato que ten por obxecto as *Obras de execución do proxecto "Medidas correctoras PAU Verónica Boquete - Fase I (Actuacións prioritarias)*, á empresa 2000 JOSCON CONSTRUCCIONES SL por un importe total de **131.890,00 €** (Base imponible de 109.000,00 € máis IVE do 21% polo importe de 22.890,00 €), por ser a súa oferta a máis vantaxosa das presentadas.

Así mesmo comprométese a:

- Ampliar o prazo de garantía por 5 anos a maiores do mínimo obrigatorio esixido no PCAP.
- Incrementar o orzamento de control de calidade nun 2% a maiores do mínimo obrigatorio que figura nos pregos.
- Incrementar o orzamento do programa de actuación das medidas de control ambiental sobre o proxectado nun 2%.

Segundo: Comprometer un gasto por importe de 131.890,00 € con cargo á aplicación 040 93300 6320000 (Código de proxecto: 2016 2 LAZAR 86 1) dos orzamentos municipais de 2022.

5. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00019584L.

Adxudicación das “Obras de pavimentación de viarios secundarios en Verdía, Marantes, A Gracia, Marrozos, Sabugueira, Villestro, A Curuxeira e Aríns. Plan provincial de cooperación as obras e servizos de competencia municipal POS+ Adicional 2/2021 2ª fase, Deputación Provincial da Coruña”.

Acórdase:

- Adxudicar o contrato que ten por obxecto “*Obras de pavimentación de viarios secundarios en Verdía, Marantes, A Gracia, Marrozos, Sabugueira, Villestro, A Curuxeira e Aríns. Plan provincial de cooperación as obras e servizos de competencia municipal POS+ Adicional 2/2021 2ª fase, Deputación Provincial da Coruña*” á empresa EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, SA, cunha oferta económica de **117.992,47 €** (base imponible de 97.514,44 €, máis IVE do 21% de 20.478,03 €).

- Comprometer un gasto de 117.992,47 € con cargo á aplicación orzamentaria dos orzamentos municipais do 2022: 100 45400 6190000 (Código de proxecto: 2021 2 PPROV 35 10).

6. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00019975L.

Adxudicación “Obras de pavimentación viarios interiores en Carlexo e A Braña de Silvouta (Villestro) e San Xordo e A Sionlla (Sabugueira). Plan provincial de cooperación as obras e servizos de competencia municipal POS+ Adicional 2/2021 1ª fase Deputación Provincial da Coruña”.

Acórdase:

-Adxudicar o contrato que ten por obxecto “*Obras de pavimentación viarios interiores en Carlexo e A Braña de Silvouta (Villestro) e San Xordo e a Sionlla (Sabugueira) Plan provincial de cooperación as obras e servizos de competencia municipal POS+Adicional 2/2021 1ª fase*” á empresa OBRAS Y VIALES DE GALICIA, SL, cunha oferta económica de **98.420,00 €** (base imponible de 81.338,84 €, máis 17.081,16 €).

-Comprometer un gasto de 98.420,00 € con cargo á aplicación orzamentaria dos orzamentos municipais do 2022: 100 45400 6190000 (Código de proxecto: 2021 2 PPROV 35 9).

7. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00012130V.

Adxudicación “Pavimenación rúa Elena Quiroga A Barca e A Braña de Silvouta (Villestro). Plan único de Concellos (POS+2021) – Deputación da Coruña”

Acórdase:

- Adxudicar o contrato que ten por obxecto “*Pavimenación rúa Elena Quiroga A Barca e A Braña de Silvouta (Villestro). Plan único de Concellos (POS+2021) – Deputación da Coruña*” á empresa EXPLOTACIONES GALLEGAS, SL, cunha oferta económica de **53.832,00 €** (base imponible de 44.489,26 €, máis 9.342,74 €).

- Comprometer un gasto por importe de 53.832,00 € con cargo á aplicación orzamentaria dos orzamentos municipais do 2022: 100 45400 6190000 (Código de proxecto: 2021 2 PPROV 35 6).

8. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00022321L.

Adxudicación das Obras de reacondicionamento da Plataforma da Marquesiña de Xoán XXIII.

Acórdase:

Primeiro: Adxudicar o contrato que ten por obxecto “*Obras de reacondicionamento da Plataforma da Marquesiña de Xoán XXIII*” á empresa BENELUS-NATUR SLU, cunha oferta económica de **180.589,19 €** (base imponible de 149.247,27 €, e IVE do 21% por importe de 31.341,93 €).

Segundo: Comprometer un gasto por importe de 180.589,19 € con cargo á aplicación orzamentaria 040 15321 6190000 (Código de proxecto: 2021 2 XOANX 15 1).

9. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00043253K.

Devolución da fianza constituída pola empresa, FRANCISCO GOMEZ Y CIA SL, para responder do contrato de “Obras de ampliación vial Cañoteira-Outeiro de Marrozos 1ª fase (PAS-OBRASSUM/2015)”

Autorízase a devolución da fianza constituída pola empresa, *FRANCISCO GOMEZ Y CIA SL*, por importe de 10.230,08 euros (Avalista: ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA) para responder do contrato de “Obras de ampliación vial Cañoteira-Outeiro de Marrozos 1ª fase (PAS-OBRASSUM/2015)”

10. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00035414W.

Devolución da fianza definitiva constituída pola empresa POMBO EVENTOS ATRACCIONES DE FERIAS SLU para responder do contrato de “Autorización de ocupación da vía pública na Alameda de Santiago de Compostela, para a colocación de postos durante as festas da Ascensión e do Apóstolo nos anos 2018 e 2019”.

Autorízase a devolución da fianza definitiva constituída pola empresa, POMBO EVENTOS ATRACCIONES DE FERIAS SLU, por importe de 5.000 € para responder do contrato de “Autorización de ocupación da vía pública na Alameda de Santiago de Compostela, para a colocación de postos durante as festas da Ascensión e do Apóstolo nos anos 2018 e 2019” .

11. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00034440V.

Cancelación do aval en concepto de fianza definitiva constituída pola empresa Dumez, Constructora Pirenaica S.A (DUMEZ-COPISA), agora Copisa Constructora Pirenaica S.A. para responder do contrato de execución das obras do “Proxecto de Reposición e adaptación do saneamento e drenaxe da Avda. De Lugo e do colector do Cancelón ó seu paso baixo Renfe” . Expte.: OBR 1778 – 20/96.

Autorízase a cancelación do aval en concepto de fianza definitiva constituída pola empresa, Dumez, Constructora Pirenaica S.A (DUMEZ-COPISA), agora Copisa Constructora Pirenaica S.A. por importe de 2.389.034 ptas (14.358,38 €) (Avalista: Banesto) para responder do contrato de execución das obras do “Proxecto de Reposición e adaptación do saneamento e drenaxe da Avda. De Lugo e do colector do Cancelón ó seu paso baixo Renfe”.

12. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00010217J.

Cancelación do aval en concepto de fianza definitiva constituída pola empresa ESQUEIRO SL, por importe de 2.905,45 euros para responder do contrato de “Adecuación da instalación eléctrica da piscina e o ximnasio Santa Isabel” . CON/50/2019.

Autorízase a cancelación do aval en concepto de fianza definitiva constituída pola empresa, *ESQUEIRO SL*, por importe de 2.905,45 euros (Avalista: Banco Sabadell).- para responder do contrato de “Adecuación da instalación eléctrica da piscina e o ximnasio Santa Isabel” .

13. CONTRATACIÓN. Referencia: 2021/00017747A.

Corrección de erro no acordo da sesión de data 1 de setembro de 2022, relativo á aprobación do proxecto modificado da “Execución das obras de reurbanización da rúa do Hórreo no ámbito fronte á Estación Intermodal”l.

Acórdase correxir, ao abeiro do e o artigo 102.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o apartado terceiro e cuarto do acordo da Xunta de goberno do día 01/09/2022 relativo á aprobación do proxecto modificado da *Execución das obras de reurbanización da rúa do Hórreo no ámbito fronte á Estación Intermodal* do seguinte xeito:

Onde antes dicía:

“Terceiro.- Autorizar un gasto por un importe total de 73.133,92 €, para financiar o dito proxecto modificado que se imputará á aplicación orzamentaria 040 15321 6190001 (código proxecto 2020 4 RLTOU 62 1 1 Obras no ámbito urbano financiadas co RLTXG coa seguinte desagregación:

- Modificacións 1 e 2: importe de 38.785,34 euros a executar directamente pola administración ou por outro contratista mediante procedemento adecuado á lei de contratos.

- Modificacións 3 e 4: importe de 34.348,58 euros correspondentes ás obras a executar polo contratista das obras de execución do proxecto primitivo.

Cuarto.- Dispoñer un gasto por un importe total de 34.348,58 €, para financiar o dito proxecto modificado que se imputará á aplicación orzamentaria 040 15321 6190001 (código proxecto 2020 4 RLTOU 62 1 1 Obras no ámbito urbano financiadas co RLTX)

Debe dicir:

Terceiro.- Autorizar un gasto por un importe total de 73.133,92 €, para financiar o dito proxecto modificado que se imputará á aplicación orzamentaria 040 15321 6190001 (código proxecto 2020 4 RLTOU 62 1 1 Obras no ámbito urbano financiadas co RLTX coa seguinte desagregación:

▣ 47,62 € de incremento como consecuencia do proxecto modificado no prezo do contrato de EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES SA.

▣ 73.086,30 € para a execución das partidas do modificado a executar pola Administración.

Cuarto.- Dispoñer un gasto por un importe total de 47,62 € para financiar a parte do proxecto modificado que executa o contratista EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES SA. O gasto imputarase á aplicación orzamentaria 040 15321 6190001 (código de proxecto: 2020 4 RLTOU 62 1 1 Obras no ámbito urbano financiadas co RLTX). Para financiar o proxecto modificado.

14. BIODIVERSIDADE E EDUCACIÓN AMBIENTAL. Referencia: Laceria fixa e variable xaneiro 2022.

Proposta da concelleira delegada de benestar animal relativa á convalidación omisión da función interventora e recoñecemento de débeda correspondente ao abono á empresa Ethical Services for Animals, S.L. en concepto do servizo de lacería correspondente ao período entre o 1 e 31 de xaneiro de 2022.

Acórdase:

1º.- Validar a omisión da función interventora en relación a este expediente, polos gastos derivados da realización do servizo de lacería correspondente ao mes de xaneiro de 2022.

2.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos Gastos por importe de sete mil dezaseis con vintenoventa e nove euros (7.016,29 €) a favor de ETHICAL SERVICES FOR ANIMALS S.L., imputándose á aplicación orzamentaria 2022 090 31101 2270000 do orzamento vixente.

15. BIODIVERSIDADE E EDUCACIÓN AMBIENTAL. Referencia: Laceria fixa e variable febreiro 2022.

Proposta da concelleira delegada de benestar animal relativa á convalidación omisión da función interventora e recoñecemento de débeda correspondente ao abono á empresa Ethical Services for Animals, S.L. en concepto do servizo de lacería correspondente ao período entre o 1 e 28 de febreiro de 2022.

Acórdase:

1º.- Validar a omisión da función interventora en relación a este expediente, polos gastos derivados da realización do servizo de lacería correspondente ao mes de febreiro de 2022.

2.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos Gastos por importe de catro mil seiscentos vinteseis con noventa e oito euros (6.626,98 €) a favor de ETHICAL SERVICES FOR ANIMALS S.L., imputándose á aplicación orzamentaria 2022 090 31101 2270000 do orzamento vixente.

16. CIRCULACIÓN E SEGURIDADE CIDADÁ. Referencia: 2022/00048833N. Tratamento como residuos de vehículos e outros elementos fóra de servizo da prestación do servizo de transporte urbano.

Acórdase:

PRIMEIRO.- Autorizar a xestión dos vehículos e elementos que se relacionan, como residuos, debido ás avarías que presentan e a súa obsolescencia, a TRALUSA.

AUTOBUSES: (41 uds.)			
Nº bus	Matrícula	Nº bus	Matrícula
10	C8402CB	1.947	C8409CB
12	C8404CB	1.949	C8411CB
13	C8405CB	1.950	C8412CB
15	C8407CB	1.951	C8413CB
18	C8410CB	1.952	C8414CB
35	C2035AW	1.953	C8415CB
36	C2036AW	1.954	C8416CB
42	C2034AW	1.955	0778CJH
43	C5225AY	1.956	1066CJH
52	C4397BF	1.957	1120CJH
1.932	C8393CB	1.959	1202CJH
1.933	C8394CB	1.960	1239CJH
1.934	C8395CB	1.961	4644CJM
1.935	C8396CB	1.962	4671CJM
1.936	C8397CB	1.963	4839CJM
1.937	C8398CB	1.964	4881CJM
1.938	C8400CB	1.965	4004CVV
1.939	C8401CB	1.968	6306FPJ
1.941	C8403CB	1.969	8108FPJ
1.944	4751HDR	1.970	8183FPJ
1.946	C8408CB		

<i>Elementos variados sistemas transporte urbano:</i>	Uds.
EXPENDEDORAS, marca Maexbic, modelo 2098	46
Algunas partes sueltas con pantallas, tarjetas ETC	
CANCELADORAS, marca Maexbic, modelo COM-3	51
EQUIPOS SAE - Consolas	51
EQUIPOS SAE - Emisoras	40
EQUIPOS SAE - Micros	38
EQUIPOS SAE - Pedales	34
EQUIPOS SAE - CPU	1
EQUIPOS SAE - Monitores	2
EQUIPOS SAE - Teclado	1
EQUIPOS SAE - Ratón	1
PERSONALIZACIÓN TARJETAS. ID CARD PRINTER Impresora	1
PERSONALIZACIÓN TARJETAS. Scanner	1
POSTES INFORMATIVOS PARADA Estáticos (paneissoltos)	2
OTROS. Cables diversos e pezas eléctricas	

SEGUNDO.- Autorizar a TRALUSA a entrega dos vehículos á empresa *Hierros Caldas* xa que, foi a oferta máis vantaxosa economicamente das consultadas por TUSSA, coas seguintes condicións:

- Informar a data na que inicien os traballos, así coma das toneladas que finalmente foron tratadas e por tanto o importe resultante da mesma, que como se indicou anteriormente deberá recollese nos ingresos totais do presente exercicio tal e como recolle o artigo 33 do prego de condicións, mencionado anteriormente.
- Cumprir coa normativa vixente relativa ao asunto de referencia.
- Deberase ter en conta que polo concepto da venda farase constar expresamente que se trata dunha operación con inversión do suxeito pasivo conforme ao establecido no Art. 84. Uno 2ºC da lei 37/1992 de decembro do imposto sobre o valor engadido.
- Finalmente deberá aportar documento onde se reflectan os elementos tratados coma RSU para a actualización do inventario do servizo.

TERCEIRO.- De conformidade co prego de condicións do contrato que serve de base para a prestación actual do servizo de transporte urbano, ordenado pola Xunta de Goberno de 7 de febreiro de 2022, o resultado desta xestión de residuos deberá contabilizarse como unha partida de ingresos que se compensará na liquidación da prestación do servizo, tal e como se prevé no artigo 33 de dito prego.

17. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2022/00041624W.

Aprobación do texto do convenio e concesión directa da subvención á Asociación do Conservatorio de Música Tradicional e Folque.

Apóbase o texto do convenio e da concesión directa da subvención á Asociación do Conservatorio de Música Tradicional e Folque, por importe de **20.000 €**, con imputación á aplicación orzamentaria 050 33400 4890004, conforme ao previsto no artigo 22.2.a da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións e aprobación do gasto.

18. CULTURA E FESTAS. Referencia: 2022/00023640G.

Aprobación do nomeamento do Xurado dos Premios de creación literaria SELIC 2022.

Acórdase:

1. Nomear como membros do xurado dos Premios de creación literaria SELIC 2022 ás seguintes persoas: Ana Cabaleiro López, Elisabet Ríos Liste, Agustín Agra Barreiro, Vítor Vaqueiro Foxo e Berta Dávila Fernández.
2. Designar como secretario a Xesús Amado Reino, técnico de programación cultural da concellería de Acción Cultural.
3. Aprobar o gasto por importe de **2.000** euros con cargo á aplicación orzamentaria 050 33400 2330000.
4. Retribuir pola súa participación como membros do xurado dos Premios de creación literaria SELIC 2022, logo da sesión na que se determina o fallo dos premios, pola cantidade de 400 euros, menos a retención do 15% de IRPF, quedando unha cantidade líquida a percibir de 340 euros.

19. EDUCACIÓN. Referencia: 2022/00049041J.

Dación de conta do veredicto do xurado da XIV Edición dos Premios Educacompostela de recursos didácticos en prol da innovación, da calidade educativa e da renovación pedagóxica.

Acórdase:

Tomar coñecemento do veredicto do xurado da XIV Edición dos Premios Educacompostela 2022, que nesta edición recaeron nos seguintes traballos:

PRIMEIRO PREMIO ao traballo BOIHAUS: un proxecto de bioarquitectura para ensino secundario, presentado polo IES A Cachada (Boiro). Importe do premio: 1.200,00 euros.

SEGUNDO PREMIO ao traballo Mulleres de Compostela: tras os pasos das nosas pioneiras, presentado por Coordinación de Igualdade do IES Rosalía de Castro (Santiago de Compostela). Importe do premio: 900,00 euros.

TERCEIRO PREMIO ao traballo Xogamos? Unha porta á imaxinación, presentado por María Isabel González Piñeiro (IES Afonso X O Sabio, A Coruña). Importe do premio: 600,00 euros.

20. SERVICIOS BÁSICOS. Referencia: 2022/00042374Q.

Dar conta da sinatura do Convenio con Mercado de Abastos de Santiago, Sociedade cooperativa galega.

Dase conta da sinatura do Convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e Mercado de Abastos de Santiago Sociedade Cooperativa Galega conforme ao artigo 22.2º da lei 38/2003 xeral de subvencións e a aprobación do gasto por un importe de **10.000 euros** con imputación á aplicación orzamentaria 010 43120 4790001.

21. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00049042Z.

Dación de conta da sentenza recaída no recurso de apelación 7058/2022 ditada polo TSXG-SECC-3.

Dase conta da sentenza no 17.06.2022 aclarada por Auto do 15.07.2022. Procedemento: PO 35/2021 CA2.- RECURSO DE APELACION 0007058 /2022

Órgano: T.S.X.GALICIA CON/AD SEC.3 - 003

Demandante: EMPRESA FREIRE SL

Obxecto: Impugnación acordo XGL adxudicación transporte aeroporto

Sentencia favorable aos intereses do Concello que desestima o recurso de apelación interposto pola Empresa Freire SL, contra a Sentencia do 12.01 2022, tamén desestimatoria da demanda interposta pola mesma mercantil.

O TSX desestima o recurso de apelación confirmando a Sentencia ditada polo Xulgado Contencioso-Administrativo nº 2 de Santiago de Compostela, baseándose na falta de lexitimación da recorrente para impugnar o acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Santiago de Compostela, do 21.12.2020, polo que se ordenaba ao concesionario do transporte colectivo urbano de viaxeiros, UTE TRASPSAAULUSA, que, a partir do 23.12.2020 e ata a adxudicación do novo contrato do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros realice a prestación do servizo de transporte colectivo urbano de viaxeiros ao Aeroporto de Santiago.

Contra a Sentenza ditada en apelación unicamente cabía interposición do recurso de casación. Transcorrido o prazo pertinente, ao non ser recorrida pola demandante, declarouse a firmeza da Sentenza por dilixencia de ordenación do 27.10.2022.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Remitir ao Departamento de Servizos Comunitarios para o seu coñecemento.

22. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00048976V.

Dar conta da sentenza recaída no Procedemento Ordinario 81/2022 CA1.

Dase conta da Sentenza 353/2022, do 17.10.2022, do Xulgado do Contencioso administrativo nº 1 de Santiago de Compostela. Procedemento: PO 81/2022

Demandante: MONFOBUS, S.L.

Obxecto: Desestimación presunta da reclamación de data 1.10.2020 sobre o recoñecemento do desequilibrio económico na concesión do recinto feiral de Amio acumulado dende o día na que as tarifas deberon actualizarse —6.06.2011— ata a entrada en vigor das novas tarifas. O importe reclamado ascende a 846.883,28 euros máis intereses.

A sentenza é desfavorable para os intereses municipais, posto que estima integramente a pretensión da parte demandante, con condena nas custas a esta Administración.

Segundo afirmase no FD 2º da sentenza: “...o recurso ha de ser estimado en la medida en que los actos propios de la Administración, posteriores a la interposición del recurso, así lo avalan. En efecto, consta en autos que, en fecha 15 de julio de 2022, el Pleno de la Corporación Local del Concello ha aprobado un expediente de crédito extraordinario por el importe aquí reclamado en favor de la actora...”

Cómpre salientar que, se o Concello tivera recoñecido non só a cantidade principal, senón tamén os intereses —cuxa obriga de pago é indiscutible—, esta defensa podería ter solicitada a terminación do pleito por satisfacción extraprocesual das pretensións, co correspondente aforro nas custas procesuais e, eventualmente, nas custas e intereses da execución.

A sentenza é susceptible de recurso de apelación, se ben este non procede a súa interposición, ao recoñecerse o aboamento de cantidades xa pagadas pola propia Administración —principal— ou debidas —intereses—.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da resolución xudicial
2. Non interpoñer recurso de apelación
3. Remitir á Dirección de Área de Servizos Básicos para os efectos da súa execución, tendo en conta que o presente informe non é preceptivo nin constitúe un requisito previo para levar a efecto a dita execución polo órgano competente unha vez sexa notificada a firmeza da sentenza (Informe AX/115/2022).

23. ASESORÍA XURÍDICA. Referencia: 2022/00049056M.

Dación de conta da sentenza reaída no procedemento PO 58/2022 CA1.

Dase conta da sentenza nº 358/2022. PO 058/2022 CA1

Obxecto: declaración de ruína técnica inminente no casco histórico.

A sentenza é favorable para o Concello, recorrible en apelación.

A comunidade de herdeiros impugnaba una declaración de ruína técnica inminente, con base nos informes do xefe do SEIS e do arquitecto municipal, porque non houbo trámite de audiencia e porque non se xustificaba o importe de reposición. Estes motivos xa foran desestimados na vía administrativa (o primeiro porque a inminencia declárase sen audiencia; e o segundo porque non era necesario ao tratarse dunha ruína técnica e non económica). De feito, requirida a comunidade para a presentación dun proxecto de rehabilitación, o arquitecto redactor facía súas as conclusións e recomendacións do arquitecto municipal.

Contestada a demanda, o día anterior á celebración da vista os demandantes presentan escrito de desistencia. O xulgado acéptao, sen xustificar a non imposición de custas.

Contra esta resolución cabe interpoñer recurso de apelación.

Acórdase:

1. Tomar coñecemento da sentenza.
2. Non interpoñer recurso de apelación.
3. Remitir ao Servizo de Licenzas e Disciplina para o seu coñecemento.

24. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: 2022/00049166T.

Dar conta das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas.

Tómase coñecemento das resolucións da alcaldía e das concellerías delegadas de datas 28 de outubro a 3 de novembro de 2022.

URXENCIAS

25. EDUCACIÓN. Referencia: S/2022/269

Convalidación de gastos por omisión da función interventora de dúas facturas expedidas por Servizos y Materiales, S.A. CIF A28781151 en concepto de servizos de xestión das escolas infantís municipais de Meixonfrío-Salgueiriños, Conxo e Fontiñas.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de SESENTA E CINCO MIL SETECENTOS OITENTA E SETE EUROS CON SETENTA E NOVE CÉNTIMOS (65.787,79 €), segundo a relación contable S/2022/269 que comeza pola número F/2022/2375 por importe de 32.398,27 euros e finaliza pola número F/2022/3530 por importe de 33.389,52 euros, en concepto de relación de dúas (2) facturas polo servizo de xestión das escolas infantís municipais de Meixonfrío-Salgueiriños, Conxo e Fontiñas correspondente aos meses de maio e xullo do 2022, e que se achega no expediente.

26. DEPORTES. Referencia: 2022/00043076M

Aprobación do texto do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a Agrupación deportiva El Correo Gallego para o ano 2022.

Acórdase:

1. Aprobar o borrador de convenio con AGRUPACIÓN DEPORTIVA EL CORREO GALLEGO.
2. Aprobar a subvención nominativa a favor da citada entidade por valor de **12.000 €** con cargo á aplicación 090 34100 4890002 do orzamento municipal do ano 2022.

27. OFICINA DE REHABILITACIÓN E VIVENDA. Referencia: 2022/00049327T

Aprobación da solicitude de prórroga dos acordos de comisión bilateral vixentes relativos ao Plan de Vivenda 2013-2016.

Acórdase:

Solicitar a PRÓRROGA DOS SEGUENTES ACORDOS DE COMISIÓN BILATERAL VIXENTES RELATIVOS AO PLAN DE VIVENDA 2013-2016 ata o 31 de decembro de 2023, en virtude do Real decreto 903/2022, do 25 de outubro, polo que se modifica a disposición transitoria primeira do Real decreto 106/2018:

ACORDOS ASINADOS o 14 de marzo de 2015:

☑ Fase 13ª do Casco Histórico

ACORDOS ASINADOS o 27 de outubro do 2015:

☑ Fase 14ª do Casco Histórico

☑ Fase 7ª do Polígono de Vista Alegre

☑ Fase 4ª do Barrio de Pontepedriña Grupo de Vivendas Compostela e Cardeal Quiroga Palacios

ACORDOS ASINADOS o 26 de outubro do 2017:

☑ Fase 15ª do Casco Histórico

☑ Fase 8ª do Polígono de Vista Alegre

☑ Fase 5ª do Barrio de Pontepedriña Grupo de Vivendas Compostela e Cardeal Quiroga Palacios

☑ Fase 1ª do Barrio de Vite

Esta solicitude de ampliación da eficacia dos ACORDOS DE COMISIÓN BILATERAL VIXENTES RELATIVOS AO PLAN DE VIVENDA 2013-2016 non ten contido económico.

28. CONTRATACIÓN. Referencia: 2022/00043908D

Aprobación do expediente “Obras de acondicionamento do aparcamento de servizo do parque Eugenio Granell”.

Acórdase:

Primeiro.- Aprobar o expediente denominado “Obras de acondicionamento do aparcamento de servizo do parque Eugenio Granell”, e abrir o procedemento aberto de adxudicación ao abeiro do disposto nos artigos 156 a 158 da LCSP, establecendo:

Orzamento de licitación sen IVE: 108.840,47 euros.

IVE 21%: 22.856,50 euros.

Orzamento base de licitación con IVE: **131.696,97 euros**

Segundo.- Aprobar o gasto correspondente a este contrato por importe de 131.696,97 euros que se financiará con cargo á aplicación orzamentaria 020 17100 6190000 2022 2 PARQ 3, dos orzamentos municipais para o ano 2022.

29. COMERCIO. Referencia: 2022/00043726B

Corrección de erro aritmético cometido na sesión do 2 de novembro de 2022, relativo á aprobación da concesión de axudas ao abeiro da convocatoria de subvencións para actividades de promoción e dinamización comercial no Concello de Santiago para o ano 2022.

Acórdase aprobar a corrección do seguinte erro aritmético existente no acordo da Xunta de Goberno Local adoptado en sesión extraordinaria e urxente do 2 de novembro de 2022 relativo á aprobación da concesión de axudas ao abeiro da convocatoria de subvencións para actividades de promoción e dinamización comercial no Concello de Santiago para o ano 2022, no senso de que:

Onde di:

“Primeiro.- Aprobar a concesión das seguintes axudas polos importes e ás entidades que seguen:
Fundación Santiago Centro, Área Comercial.

FUNDACIÓN SANTIAGO CENTRO ÁREA COMERCIAL	SUBVENCIÓN CONCEDIDA	ORZAMENTO A XUSTIFICAR
1. Oficina atención asociados	11700,87	23719,59
2. Comercio e Innovación	664,00	1730,07
3. Outlet online	892,30	3353,24
4. Promoción e publicidade en Internet	4390,65	5488,32
5. Volta ao Cole	142,71	713,54
6. Campañas varias de dinamización vendas	219,71	1098,54
7. Fidelización App Santiago Centro VIP	2413,66	3017,08
8. Campaña outono: escaparatismo	1531,42	5593,22
9. Outlet físico	1092,84	5218,92
10. Compostela Photo	1013,68	1267,10
	20423,90	39120,37

Constan solicitadas outras axudas para o proxecto por importe de 31.595,34 euros. A suma das potenciais subvencións supera os 39.120,37 euros. No caso de confirmarse a concesión de ditas axudas, o importe para xustificar será de 52.019,24 euros, que representa a suma da totalidade das axudas percibidas para o mesmo proxecto. Para estes efectos, na xustificación, xunto á restante documentación indicada na base 12ª da convocatoria, deberá achegar unha nova declaración responsable que reflicta as axudas finalmente concedidas

(...)

Estas axudas, que suman un total de 87.824,92 euros, irán con cargo á aplicación orzamentaria 010 43100 4890100 Comercio Outras Transferencias non nominativas.

Segundo: Aprobar o compromiso do gasto polos seguintes importes e a favor das seguintes entidades:

ENTIDADE	IMPORTE (EUROS)	PARTIDA ORZAMENTARIA (ORZAMENTO 2022)
Fundación Santiago Centro Área Comercial	20.423,90	010 43100 4890100

Terceiro: Liberar o crédito remanente por importe de 12.175,08 euros na aplicación orzamentaria 010 43100 4890100. “

Debe dicir:

“Primeiro.- Aprobar a concesión das seguintes axudas polos importes e ás entidades que seguen:
Fundación Santiago Centro, Área Comercial.

FUNDACIÓN SANTIAGO CENTRO ÁREA COMERCIAL	SUBVENCIÓN CONCEDIDA	ORZAMENTO A XUSTIFICAR
1. Oficina atención asociados	11700,87	23719,59
2. Comercio e Innovación	664,00	1730,07
3. Outlet online	892,30	3353,24
4. Promoción e publicidade en Internet	4390,65	5488,32
5. Volta ao Cole	142,71	713,54
6. Campañas varias de dinamización vendas	219,71	1098,54
7. Fidelización App Santiago Centro VIP	2413,66	3017,08
8. Campaña outono: escaparatismo	1531,42	5593,22
9. Outlet físico	1092,84	5218,92
10. Compostela Photo	1013,68	1267,10
	24061,85	51199,61

Constan solicitadas outras axudas para o proxecto por importe de 31.595,34 euros. A suma das potenciais subvencións supera os 51199,61 euros. No caso de confirmarse a concesión de ditas axudas, o importe para xustificar será de 55.657,19 euros, que representa a suma da totalidade das axudas percibidas para o mesmo proxecto. Para estes efectos, na xustificación, xunto á restante documentación indicada na base 12ª da convocatoria, deberá achegar unha nova declaración responsable que reflecta as axudas finalmente concedidas

(...)

Estas axudas, que suman un total de 91.462,87 euros, irán con cargo á aplicación orzamentaria 010 43100 4890100 Comercio Outras Transferencias non nominativas.

Segundo: Aprobar o compromiso do gasto polos seguintes importes e a favor das seguintes entidades:

ENTIDADE	IMPORTE (EUROS)	PARTIDA ORZAMENTARIA (ORZAMENTO 2022)
Fundación Santiago Centro Área Comercial	24.061,85	010 43100 4890100

Terceiro: Liberar o crédito remanente por importe de 8.537,13 euros na aplicación orzamentaria 010 43100 4890100.

O resto do acordo mantense nos mesmos termos adoptados no seu momento.

30. PROMOCIÓN ECONÓMICA. Referencia. 2022/00043154Z

Dación de contas da sinatura do “Convenio entre el Ministerio de Trabajo y Economía Social, la Xunta de Galicia y el Concello de Santiago de Compostela para el desarrollo de actividades en el marco de la Capitalidad Española de la Economía Social para el año 2022”

De cara a proseguir coa tramitación do “Convenio entre el Ministerio de Trabajo y Economía Social, la Xunta de Galicia y el Concello de Santiago de Compostela para el desarrollo de actividades en el marco de la Capitalidad Española de la Economía Social para el año 2022” a vista de canto antecede, propónse á Xunta de Goberno Local, que adopte os seguintes acordos:

1. Dar conta da sinatura do “Convenio entre el Ministerio de Trabajo y Economía Social, la Xunta de Galicia y el Concello de Santiago de Compostela para el desarrollo de actividades en el marco de la Capitalidad Española de la Economía Social para el año 2022”, por 260.000 euros: 100.000 aportados polo Ministerio, e 60.000 euros polo concello de Santiago, e o resto pola Xunta de Galicia.
2. Dar traslado á Oficina Orzamentaria do convenio asinado, para proceder á tramitación da xeración de crédito oportuna para a súa correcta execución.